


# XI Regata CNP

Trofeo Casino La Toja

20 e 21 de xullo

organiza



# CN

# PORTONOVO

colabora



club náutico  
San Vicente do Mar



**GADIS**



**Coca-Cola**



# **ANUNCIO DE REGATA**

## **XI REGATA CLUB NAUTICO PORTONOVO**

### **IX TROFEO CASINO LA TOJA**

#### **CRUCEIROS – BARCOS CLÁSICOS E DE ÉPOCA**

#### **1.- ORGANIZACIÓN**

Correrá a cargo do CLUB NÁUTICO DE PORTONOVO, con la colaboración del Club Náutico San Vicente, de acordo co Regulamento Internacional de Regatas da ISAF, e coa colaboración da Federación Galega de Vela y con el Patrocinio de Casino La Toja.

#### **2.- LUGAR E DATAS**

A Regata celebrárase en augas da ría de Pontevedra, os días **20 e 21 de xullo** de 2013.

#### **3.- REGRAS**

**3.1** A regata rexeráse por:

- a) As regras de regata tal e como defínense no Regulamento de Regatas a Vela da ISAF 2013-2016 (RRV).
- b) Prescricións da R.F.E.V.
- c) Regulamento Técnico de Cruceiros (RTC 2013) e Anexos
- d) Regulamento de Medición IMS (só para cruceiros ORC)
- e) Regras IMS de Habitabilidade e Equipo (só para cruceiros ORC)
- f) Regluamento do Sistema de Rating ORC (só para Cruceiros ORC)
- g) Regras Especiais para Regatas na Alta Mar da ISAF 2012-2013 (OSR), Categoría 4ª
- h) Normas do Jauge Classique Classic Handicap (JCH) (só para Clásicos e de Época)
- i) Prescricións particulares da Asociación Galega de Barcos Clásicos e de Época (AGABACE)
- j) Anuncio e Instrucións da Regata (que poderán modificar o presente Anuncio)

#### **4.- PARTICIPACIÓN**

Os participantes deberán cumprir as condicións de elixibilidade reflexadas no apéndice 2 do R.R.V. e nas Prescricións da RFEV ao devandito Apéndice.

**CRUCEIROS ORC:** Os participantes de nacionalidade ou residencia legal en España deberán estar en posesión da Licenza Federativa de deportista estatal para o 2013.

Poderá participar calquera Cruceiro a Vela dun só casco e cun mínimo de 6.75 metros de eslora, con Certificado de Medición Válido ORC 2013 ou ORC CLUB 2013. Caso de non ter certificado, o Comité de Regatas poderá achegar un certificado Estimado e Penalizado, non admitíndose reclamacións ao respecto.

**BARCOS CLÁSICOS e DE ÉPOCA:** Calquera Barco de vela que cumpra coa Normativa particular de **AGABACE** (<http://agabace.org/>) e estea en posesión dun Certificado de rating JCH expedido pola Jauge Classique Classic Handicap (de forma gratuíta en [http://www.jch-online.org/GB/feuille\\_jauge\\_GB.html](http://www.jch-online.org/GB/feuille_jauge_GB.html)).

Deberá ter como mínimo o Patrón a Licenza Federativa 2013 e ter actualizado un seguro que cubra a todos os tripulantes que leven a bordo, independentemente do de Responsabilidade Civil e danos a terceiros por unha cobertura mínima de 330.600 € e extensión de póliza para participación en regatas non profesionais.

## 5.- INSCRICIÓN

As Inscripcións serán Obrigatorias e Gratuítas.

5.1) As inscripciones formalizaranse necesariamente no formulario adxunto ou similar, achegando:

- Fotocopia das licenzas do ano 2013 (só ORC)
- Fotocopia do Certificado ORC ou Clásico JCH en vigor.
- Fotocopia do seguro
- Permiso de Publicidade se é que leva

5.2) As inscripciones, xunto coas fotocopias dos Certificados, remitiranse por correo, Mensaxería, Fax ou correo electrónico a:

**Club Náutico de Portonovo**  
Rúa Rafael Picó 44 1º  
Portonovo -Pontevedra - España  
Tel.: 986 72 32 66 Fax: 986 724 175  
E-mail: [nauticoportonovo@hotmail.com](mailto:nauticoportonovo@hotmail.com)

A **data límite de inscrición é o 19 de xullo ás 20:00 horas**. O Comité Organizador resérvase o dereito de ampliar dito prazo.

## 6.- PARTICIPANTES

**6.1** O participante ou o responsable de cada barco deberá formalizar, rexistrar, presentar as licenzas da tripulación e asinar o formulario de Rexistro, na oficina de regatas antes das 11:30 horas do día 20 de xullo, no C.N. Portonovo.

**6.2** O Comité de Regatas poderá aceptar cambios na relación de tripulantes, previa solicitude.

## 7.- PUBLICIDADE

Os participantes poderán exhibir publicidade de categoría C de acordo coa regulamentación 20 da ISAF.

Así mesmo, o Comité organizador poderá esixir aos participantes que leven un adhesivo en senllas amuras de proa co nome do patrocinador.

## 8.- CLASIFICACIÓN E PUNTUACIÓN

8.1) As Clasificacións serán de acordo coas Regras do RTC, OFFSHORE OSN, aplicándose ademais o sistema de Puntuación Baixa do R.R.V.

8.2) á vista das inscripciones realizadas e en canto se comprobe a súa participación efectiva na regata, o Comité de Regatas e Comité Organizador establecerán as clases e os cortes destas buscando a maior equidade posible, non admitíndose reclamacións ao respecto.

8.3) As Clasificacións para Clásicos JCH faranse de acordo cos tempos compensados que se obterán para cada barco segundo a fórmula:

TC (Tempo Compensado) = FTC (de cada barco) X Tempo Real en segundos  
Vencendo que obteña menor tempo compensado.

## **9.- PERCORRIDOS E HORARIOS**

**O Sábado 20 de xullo** a Sinal de atención darase ás 13:30 horas.

**1ª PROBA:** Percorrido costeiro con saída nas inmediacións do Club Náutico de Portonovo e chegada en San Vicente.

**O Domingo 21 de xullo** a Sinal de atención darase ás 12:00 horas.

**2ª PROBA:** Percorrido Costeiro con saída en San Vicente e chegada en Portonovo.

**Os percorridos exactos coas balizas a virar, indicaranse aproxim. 10 minutos antes da sinal de atención polo canal 71 VHF.**

## **10.- INSTRUCCIÓNS DE REGATA**

Estarán a disposición dos participantes na Secretaría/Conserxería do Club a partir do día 15 de Xullo.

## **11.- PREMIOS**

**Primeira Proba: o primeiro clasificado de cada clase.**

**Xeral Final: Ó Primeiro, Segundo e Terceiro Clasificados de cada clase (que cumbran o mínimo de 5 barcos, si non, reducirase).**

## **12.- OUTROS ASPECTOS**

O Comité de Regatas resérvase o dereito de modificar algún dos puntos descritos no presente Anuncio de Regata, por causa de forza maior.

## **PROGRAMA SOCIAL**

O sábado 20 a partires das 19:30 horas, nas instalacións do Club Náutico San Vicente, terá lugar unha recepción e entrega de premios da primeira proba.

A entrega de Trofeos da clasificación xeneral realizarase o domingo 21 de xullo, no Club Náutico de Portonovo a partires das 19:00 horas.

**O Comité Organizador - Portonovo, Xuño 2013**